



EXPLÍCOCHE MATEMÁTICAS 2.0

DESCRICIÓN

Explicoche Matemáticas 2.0 é un concurso dirixido ao alumnado do Sistema Universitario de Galicia (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e Universidade de Vigo) e a estudantes de 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato dos centros de educación secundaria de Galicia.

Organizado pola Facultade de Matemáticas da USC en colaboración con educaBarrié, a iniciativa da Fundación Barrié para a comunidade educativa, o **obxectivo** do concurso é promover a utilización do galego como medio de transmisión das Matemáticas, así como a creatividade do alumnado, a través da realización de curtametraxes de dous minutos de duración nas que se explique en galego un concepto matemático.

BASES DO CERTAME

1) Participantes.

- Alumnado do Sistema Universitario de Galicia (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e Universidade de Vigo), procedentes de titulacións de Grao ou Máster, que poderán participar de maneira individual ou en grupos de, como máximo, 3 persoas.
- Estudantes de 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato dos centros de educación secundaria de Galicia, en grupos dun máximo de 3 estudantes, coordinados por un profesor/a.

2) Proxecto Explicoche Matemáticas 2.0.

Cada participante ou grupo participante preparará un vídeo de 2 minutos de duración máxima sobre un tema relacionado coas Matemáticas. A temática e enfoque pode ser máis formal (definición dun concepto, un teorema, idea intuitiva e/ou aplicación), ou pode recoller manifestacións diversas da matemática na vida cotiá, de carácter cultural, artístico ou social.

É condición indispensable que a lingua empregada sexa o galego.

Os participantes poderán utilizar calquera recurso multimedia, audiovisual ou artístico para a realización da curtametraxe.

Os traballos presentados, realizados integramente polos participantes, deben ser inéditos e orixinais.

3) Material a presentar.

- Os concursantes deberán subir a unha canle de youtube o vídeo confeccionado e suministrar un link válido para o visionado da curtametraxe.
- Os vídeos deben ter boa calidade tanto visual como de son.
- Deberán suministrar os seguintes datos de contacto:
 - Categoría na que participa.
 - Enderezo electrónico e teléfono.
 - Centro ao que pertence e estudos que realiza, se é o caso.
- Un informe en formato Word ou PDF cos seguintes datos:
 - Título do traballo.
 - Breve motivación.
 - Nome e apelidos de cada participante (profesor e alumnos).
 - Enderezo postal e correo electrónico de contacto.
 - Teléfono de contacto.
- Deberase achegar autorización para o uso da súa imaxe de cada unha das persoas que aparezan no vídeo de cara á exposición pública do vídeo na páxina web da Facultade de Matemáticas, nas páxinas web propiedade da Fundación Barrié (educaBarrié, Mateblog, etc) e a través das redes sociais ([DESCARGAR MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA MAIORES DE IDADE](#)). ([DESCARGAR MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA MENORES DE IDADE](#)).

4) Envío.

Os proxectos realizados e documentación asociada (link a youtube, informe, DNI do profesor e autorización dos menores) deberán remitirse ata o 8 de abril de 2015 inclusive utilizando o formulario “Participar” da sección correspondente ó certame da web Mateblog ([IR A FORMULARIO DE PARTICIPACIÓN](#)).

5) Categorías, Premios e Xurado.

O Concurso Explícoche Matemáticas 2.0, constará de 2 categorías:

- Categoría A: 2º Ciclo da ESO e Bacharelato.
- Categoría B: Universidade.

Outorgarase un premio por categoría. Os premios consistirán en material informático, audiovisual, didáctico ou educativo.

O xurado que valorará os proxectos presentados estará integrado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Matemáticas, un docente de ensino medio designado pola CNL, un representante do Servizo de Normalización Lingüística da USC e un representante da Fundación Barrié.

Tamén se recoñecerá o vídeo mellor valorado polos internautas. Unha selección dos vídeos participantes estarán dispoñibles a través da rede para o público en xeral, establecendo un mecanismo de votación na web para designar o vídeo máis popular, o que se anunciará a través da páxina web da Facultade de Matemáticas e da web Mateblog.

Os premios serán entregados no mes de maio, co gallo do Día das Letras Galegas.

O fallo do xurado publicarase na páxina web da Facultade de Matemáticas (<http://www.usc.es/mate>) e tamén na web Mateblog (<http://mateblog.educabarrie.org/>) . Aos grupos gañadores, comunicaráselle por escrito.

O fallo do xurado será inapelable e o premio pode ser declarado deserto.

6) Exposición dos vídeos.

Todos os vídeos participantes quedarán en poder da Universidade de Santiago de Compostela e da Fundación Barrié, quen se reserva o dereito de os poder empregar para a súa exposición pública a través de calquera medio. Non se devolverán os orixinais.

Os participantes autorizan á Facultade de Matemáticas e a Fundación Barrié a facer públicos os traballos presentados a través das súas páxinas web e das redes sociais.

7) Aceptación das bases.

A participación neste certame implica a total aceptación das presentes bases. Os participantes serán os únicos e exclusivos responsables do contido dos vídeos en canto a esixencias legais de dereitos de imaxe ou plaxio, segundo as leis vixentes.